

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE EDUCACIÓN, CULTURA E DEPORTE

- 11494** *Real decreto 894/2014, do 17 de outubro, polo que se desenvolven as características do curso de formación sobre o desenvolvemento da función directiva establecido no artigo 134.1.c) da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, así como dos correspondentes cursos de actualización de competencias directivas.*

Entre os principios sobre os que se asenta a reforma promovida pola Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa, encóntranse o aumento da autonomía dos centros e o reforzo da capacidade de xestión da dirección destes. A autonomía dos centros docentes e o liderado dos seus directores e directoras son factores clave para a transformación do sistema educativo de cara ás novas demandas de aprendizaxe do século XXI.

Na exposición de motivos da Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, sinálase que o aumento da autonomía dos centros é unha recomendación reiterada da Organización para a Cooperación e o Desenvolvemento Económico (OCDE) para mellorar os resultados, necesariamente unida á exigencia dunha maior transparencia na rendición de contas. É fundamental que cada centro teña a capacidade de identificar cales son as súas fortalezas e as necesidades do seu contorno, para así poder tomar decisións sobre como mellorar a súa oferta educativa e os seus resultados.

Como consecuencia do reforzo da autonomía dos centros, faise necesario tamén potenciar a capacidade de xestión da dirección, para permitirlle liderar os cambios propostos. A lei orgánica outorga aos directores e directoras dos centros docentes públicos, como representantes que son da Administración educativa no centro e como responsables do proxecto educativo, a oportunidade de exercer un maior liderado pedagóxico e de xestión.

Por outro lado, poténciase a función directiva a través dun sistema de certificación previa de competencias para acceder ao posto. O obxectivo da formación previa requirida é dotar o futuro director ou directora das capacidades necesarias para desempeñar o seu posto con eficiencia e eficacia.

Non obstante, o director ou directora non traballa de forma illada, senón que forma parte dun equipo directivo que, segundo establece o artigo 131 da Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, traballará de forma coordinada no desempeño das súas funcións, conforme as instrucións do director ou directora e as funcións específicas legalmente establecidas. Ademais, conseguir mellorar a calidade dos centros docentes e, como consecuencia, os seus resultados require da implicación de toda a comunidade educativa e, en especial, das familias.

O liderado educativo exige unha serie de competencias específicas: compromiso profesional, habilidade de motivar, capacidade de innovar e incentivar a xestión pedagóxica e ter habilidades de comunicación. Os bos líderes educativos desenvolven unha visión estratéxica das súas institucións, actúan como modelos imitables para o alumnado, o profesorado e o persoal non docente, e son a clave para crear un ambiente eficaz e atractivo propicio para a aprendizaxe e un clima de traballo adecuado.

Para lograr un liderado educativo eficaz é necesario centrar os esforzos en mellorar a calidade do ensino e da aprendizaxe, profesionalizar, fortalecer e apoiar o papel dos líderes educativos, definir claramente os roles, adoptar un enfoque colaborativo, recoñecer as fortalezas e competencias dos equipos, dispor de autonomía suficiente para asignar recursos e explorar métodos de ensino innovadores e asumir as responsabilidades e compromisos que comporta o liderado.

A Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, modificou o número 1 do artigo 134 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, para incluír entre os requisitos de participación nos concursos de méritos para a selección de directores e directoras de centros docentes públicos o de «estar en posesión da certificación acreditativa de ter superado un curso de formación sobre o desenvolvemento da función directiva, impartido polo Ministerio de Educación, Cultura e Deporte ou polas administracións educativas das comunidades autónomas. As características do curso de formación serán desenvolvidas regulamentariamente polo Goberno. As certificacións terán validez en todo o territorio nacional».

O curso de formación sobre o desenvolvemento da función directiva proporcionará as competencias xenéricas e específicas que, centradas e orientadas cara ás actividades directivas, teñan utilidade práctica en ámbitos educativos. As competencias xenéricas (atribucións, habilidades e actitudes máis valoradas e típicas no exercicio da función directiva) permitirán unha formación integral e serán desenvolvidas ao longo do proceso de formación. En particular, estas competencias comprenderán, entre outras, a capacidade de xestionar información, de analizar, de razoar criticamente, de comunicar de forma oral e escrita, así como de negociar, conciliar e tomar decisións. Tamén se considerarán competencias xenéricas aquelas relacionadas coas habilidades que os membros dun equipo directivo deben dominar para desempeñar o seu posto con eficacia e eficiencia, e que inclúen a habilidade para organizar e xestionar un centro docente, así como a capacidade para definir plans estratéxicos de mellora da calidade educativa. As competencias específicas estarán relacionadas co conxunto de coñecementos teóricos e prácticos necesarios para poder exercer as funcións propias dos equipos directivos.

Pola súa parte, a disposición adicional segunda da Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, establece que «As habilitacións e acreditacións de directores de centros públicos expedidas con anterioridade á entrada en vigor desta lei orgánica consideraranse equivalentes á certificación acreditativa de ter superado o curso de formación sobre o desenvolvemento da función directiva, indicada no número 1, letra c), do artigo 134 desta lei orgánica». De forma transitoria, a disposición transitoria única establece que «durante os cinco anos seguintes á data da entrada en vigor desta lei orgánica, non será requisito imprescindible para participar en concursos de méritos para selección de directores de centros públicos a posesión da certificación acreditativa de ter superado o curso de formación sobre o desenvolvemento da función directiva, indicada no número 1, letra c), do artigo 134 desta lei orgánica, ben que deberá ser tida en conta como mérito do candidato que a posúa».

Por outro lado, o artigo 102 recolle o dobre carácter da formación permanente como dereito e obrigaición de todo o profesorado, que tamén é unha responsabilidade das administracións educativas e dos propios centros.

Este real decreto ten o carácter de norma básica e dítase ao abeiro do artigo 149.1.30.^a da Constitución, que atribúe ao Estado a competencia para establecer as normas básicas para o desenvolvemento do artigo 27 da Constitución, co fin de garantir o cumprimento das obrigaicións dos poderes públicos nesta materia. De acordo con reiterada xurisprudencia constitucional, a finalidade desta competencia estatal é «conseguir unha formación común nun determinado nivel de todos os escolares (...), sexa cal sexa a comunidade autónoma a que pertenzan», polo que os requisitos de acceso ao posto dos directores dos centros docentes que garanten o exercicio deste dereito deben quedar comprendidos na dita disposición constitucional. Por outro lado, de acordo coa xurisprudencia do Tribunal Constitucional, é posible a intervención excepcional do regulamento na delimitación do básico, entre outros supostos, cando a utilización do regulamento resulte xustificada polo carácter marcadamente técnico da materia.

Como o Consello de Estado sinalou no seu ditame, «a importancia da función directiva, á que só poden acceder os funcionarios de carreira da función pública docente [artigo 134.1.a), xustifica que o Estado estableza a regulación do procedemento de selección e nomeamento dos directores dos centros públicos, procurando con isto o establecemento duns criterios comúns nos ditos procedementos que é propio da función

que as bases cumpren nesta materia (así é razoado pola STC 213/2013, do 19 de decembro, FX 8.º), bases que poden ser establecidas por normas regulamentarias (SSTC 235/1999 e 213/2013). E é máis, as normas regulamentarias poden non desenvolver previsións legais básicas, pero si conteren normas básicas sempre que as bases que establezan garden a necesaria relación coa materia de educación e operen esas normas regulamentarias como o complemento necesario da regulación legal (STC 213/2013, FX 8.º).

O presente real decreto ten por obxecto desenvolver as características do curso de formación sobre o desenvolvemento da función directiva para acceder a postos de dirección de centros docentes públicos, establecido no artigo 134.1.c) da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, así como o curso de actualización de competencias directivas.

Na tramitación deste real decreto foron consultadas as comunidades autónomas no seo da Conferencia de Educación, emitiu ditame o Consello Escolar do Estado e emitiron informe o Ministerio de Facenda e Administracións Públicas e a Comisión Superior de Persoal.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Educación, Cultura e Deporte, coa aprobación previa do ministro de Facenda e Administracións Públicas, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 17 de outubro de 2014,

DISPOÑO:

Artigo 1. *Obxecto.*

O presente real decreto ten por obxecto desenvolver as características do curso de formación sobre o desenvolvemento da función directiva establecido no artigo 134.1.c) da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, así como dos correspondentes cursos de actualización de competencias directivas.

Artigo 2. *Características xerais dos cursos de formación e dos de actualización de competencias directivas.*

1. Os cursos deberán estar dirixidos á adquisición das competencias necesarias para exercer as funcións propias do posto de director ou directora dos centros docentes públicos que impartan as ensinanzas reguladas pola Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio.

2. Os cursos de formación e de actualización de competencias directivas comprenderán unha parte teórica e unha parte práctica, e terán unha estrutura modular de duración variable de acordo cos contidos dos módulos.

3. Como parte do módulo «Proxecto de dirección», os participantes deberán elaborar un proxecto de dirección para un centro docente que recolla unha análise da situación, as áreas de mellora, os obxectivos do proxecto, os plans de actuación, a súa temporización, os recursos e a organización do centro e os indicadores para avaliar os resultados. O proxecto de dirección deberá incorporar o desenvolvemento das competencias profesionais e de liderado educativo previstas nos módulos.

4. Os participantes poderán realizar ben os cursos impartidos polo Ministerio de Educación, Cultura e Deporte, ou ben os cursos que impartan as administracións educativas das comunidades autónomas, no marco do disposto neste real decreto.

Tanto os cursos impartidos polo Ministerio de Educación, Cultura e Deporte como os impartidos polas administracións educativas das comunidades autónomas terán validez en todo o territorio nacional.

5. A duración mínima dos cursos de formación será de 120 horas, que incluírán todos os módulos troncais. Quedan excluídos deste cómputo os módulos específicos que poidan establecer as administracións educativas.

A duración mínima dos cursos de actualización de competencias directivas será de 60 horas, que incluírán todos os módulos troncais. Quedan excluídos deste cómputo os módulos específicos que poidan establecer as administracións educativas.

Os cursos poderán ser realizados nun só bloque que acumule todos os módulos, ou mediante a acumulación de módulos do mesmo curso separados no tempo nun máximo total de dous anos.

6. Os cursos de formación superados terán unha validez indefinida.

Non obstante, unha vez transcrito o prazo de oito anos desde a expedición da certificación correspondente, deberá levarse a cabo a actualización dos contidos sobre os cales se exercen as competencias necesarias para o exercicio da función pública docente, mediante a superación dos cursos de actualización de contidos correspondentes.

A dita superación dun curso de actualización de contidos en ningún caso será necesaria para a renovación do nomeamento de directores, pero poderá ser tida en conta como mérito nos procedementos de selección de directores.

7. Os cursos observarán a normativa en materia de igualdade de oportunidades, non discriminación e accesibilidade universal no que respecta á avaliación, metodoloxía, organización, recursos materiais e humanos, e espazos e equipamentos.

Artigo 3. *Requisitos xerais dos cursos de formación e dos de actualización de competencias directivas.*

1. Poderá participar nos cursos de formación todo o profesorado funcionario dos centros docentes públicos que imparta as ensinanzas reguladas pola Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio. A participación do persoal funcionario de carreira terá en todo caso carácter prioritario, ben que as prazas vacantes nos cursos xa convocados que non puidesen ser cubertas por persoal funcionario de carreira poderán ser ocupadas, se for o caso, por persoal funcionario interino.

2. Os cursos poderán impartirse a distancia, mediante a utilización de sistemas telemáticos ou electrónicos que garantan a debida constancia da participación e o aproveitamento por parte do participante. A Administración educativa convocante determinará o formato de desenvolvemento do curso, para o que poderá combinar nos diferentes módulos ensino presencial e a distancia.

3. Os cursos serán impartidos e supervisados e os seus módulos avaliados por persoal con acreditada competencia na materia, pertencente ao corpo de inspectores de Educación ou ao corpo de inspectores ao servizo da Administración educativa, directores e directoras de centros docentes, persoal docente e investigador universitario, persoal funcionario do Ministerio de Educación, Cultura e Deporte ou das administracións educativas das comunidades autónomas, outro persoal das administracións públicas experto en temas específicos ou expertos non pertencentes á Administración,

Os cursos poderán ser organizados directamente pola propia Administración educativa, ou ben polas persoas físicas ou xurídicas que a Administración educativa considere oportunas.

4. Para obter a certificación acreditativa de ter superado o curso será necesario que os participantes realizasen todas as actividades indicadas polo profesorado e que superasen a avaliación de cada un dos módulos do curso.

O Ministerio de Educación, Cultura e Deporte ou a Administración educativa da comunidade autónoma convocante establecerán, para cada convocatoria de cursos, os criterios de avaliación correspondentes ao proxecto de dirección e a cada un dos módulos.

5. Unha vez finalizado o curso e superada a avaliación, o Ministerio de Educación, Cultura e Deporte ou a Administración educativa da comunidade autónoma convocante expedirá unha certificación acreditativa de ter superado o curso, para os efectos do previsto neste real decreto.

No anverso da certificación deberá figurar polo menos o nome e apelidos do participante, o seu documento nacional de identidade e a data de realización. No reverso farase constar o programa formativo e a duración dos módulos cursados.

Artigo 4. *Programas formativos dos cursos de formación e de actualización de competencias directivas.*

1. Os programas formativos dos cursos de formación e de actualización de competencias directivas serán aprobados polo Ministerio de Educación, Cultura e Deporte ou polas administracións educativas das comunidades autónomas convocantes, e permitirán ao participante a adquisición das competencias que se recollen no anexo I.

2. Os programas formativos dos cursos de formación conterán como mínimo os módulos troncais indicados no anexo II e o seu contido.

3. Os programas formativos dos cursos de actualización de competencias directivas conterán como mínimo os módulos troncais indicados no anexo III e o seu contido.

4. Ademais, os programas formativos dos cursos de formación e de actualización de competencias directivas poderán incluír os módulos específicos que determinen as administracións educativas.

Disposición adicional única. *Exención da realización e avaliación de certos módulos.*

Aqueles que estean en posesión dun máster ou título de posgrao, ambos de carácter oficial, sobre dirección e xestión de centros docentes quedarán exentos da realización e avaliación de todos os módulos troncais e dos módulos específicos que determine a Administración educativa convocante, con excepción do «módulo VI: proxecto de dirección» reflectido nos anexos II e III deste real decreto.

Disposición transitoria única. *Suficiencia do curso de actualización de competencias directivas para aqueles que estean en posesión de habilitacións ou acreditacións de dirección de centros públicos e para aqueles que ocupen postos de director ou directora en centros docentes públicos.*

1. A partir dos cinco anos seguintes á entrada en vigor da Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, aqueles que estean en posesión de habilitacións ou acreditacións de dirección de centros públicos expedidas con anterioridade á entrada en vigor da Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, só poderán participar nos procedementos selectivos de dirección de centros públicos tras a superación dun curso de actualización de competencias directivas, sen necesidade de realizar o curso de formación.

2. A partir dos cinco anos seguintes á entrada en vigor da Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, aqueles que na data de entrada en vigor da Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, ou durante os cinco anos seguintes, estean ocupando un posto de director ou directora nun centro docente público só poderán participar nos procedementos selectivos de dirección de centros públicos tras a superación dun curso de actualización de competencias directivas, sen necesidade de realizar o curso de formación; a superación dun curso de actualización de competencias directivas en ningún caso será necesaria para a renovación do nomeamento de directores e directoras, prevista polo artigo 136.2 da Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro.

3. Durante os cinco anos seguintes á data de entrada en vigor da Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, as administracións educativas continuarán organizando programas de formación inicial para o nomeamento no posto de director daqueles que non acrediten unha experiencia de polo menos dous anos na función directiva, non estean en posesión de habilitacións ou acreditacións de dirección de centros públicos expedidas con anterioridade á entrada en vigor da Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, nin realizen un curso de formación ou de actualización de competencias directivas para o desenvolvemento da función directiva dos regulados neste real decreto.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial e carácter básico.*

O presente real decreto ten o carácter de norma básica e dítase ao abeiro do artigo 149.1.30.^a da Constitución, que atribúe ao Estado a competencia para establecer as

normas básicas para o desenvolvemento do artigo 27 da Constitución, co fin de garantir o cumprimento das obrigacións dos poderes públicos nesta materia.

Disposición derradeira segunda. *Desenvolvemento.*

1. Sen prexuízo das competencias que corresponden ás comunidades autónomas, facúltase a persoa titular do Ministerio de Educación, Cultura e Deporte para ditar cantas disposicións requira a aplicación do disposto neste real decreto, e para modificar os seus anexos.

2. As medidas incluídas nesta norma non poderán supor incremento de dotacións, retribucións ou outros gastos de persoal.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 17 de outubro de 2014.

FELIPE R.

O ministro de Educación, Cultura e Deporte,
JOSÉ IGNACIO WERT ORTEGA

ANEXO I**Competencias cuxa adquisición deberán permitir os programas formativos dos cursos de formación e de actualización de competencias directivas sobre o desenvolvemento da función directiva**

Os programas formativos dos cursos de formación e de actualización de competencias directivas sobre o desenvolvemento da función directiva deberán permitir a adquisición de competencias xenéricas e específicas.

1. A adquisición das competencias xenéricas permitirá o desenvolvemento das seguintes habilidades:

- a) Habilidades de liderado e fomento do traballo en equipo.
- b) Habilidades de motivación.
- c) Habilidades para a xestión da información e a toma de decisións.
- d) Habilidades de comunicación.
- e) Habilidades para a xestión de conflitos e a convivencia.
- f) Habilidades para a organización, xestión e coordinación dun centro docente.
- g) Habilidades de dirección estratéxica: planificación, implementación e avaliación de plans e proxectos.
- h) Habilidades de control e supervisión.
- i) Habilidades para a xestión do cambio e a innovación.

2. A adquisición das competencias específicas permitirá o desenvolvemento das seguintes habilidades e os seus coñecementos teóricos:

- a) O marco normativo aplicable aos centros docentes.
- b) O uso de tecnoloxías da información e da comunicación.
- c) A xestión administrativa e económica.
- d) A dirección e xestión dos recursos humanos.
- e) A xestión de documentos institucionais.
- f) A organización de tempos e espazos.
- g) A participación da comunidade educativa e a promoción da imaxe externa.
- h) A xestión institucional.
- i) A avaliación, os plans de mellora e o fomento da calidade do centro.

ANEXO II**Programas formativos dos cursos de formación sobre o desenvolvemento da función directiva**

Os programas formativos dos cursos de formación sobre o desenvolvemento da función directiva conterán como mínimo os seguintes módulos troncais:

1. Módulo I. Marco normativo aplicable aos centros docentes.
 - a) Ordenamento xurídico español. Normativa estatal e autonómica.
 - b) Procedemento administrativo común. Normativa autonómica sobre procedemento administrativo.
 - c) Leis e regulamentos educativos.
 - d) Réxime xurídico aplicable ao centro docente e aos seus órganos colexiados.
 - e) Normativa aplicable ao persoal funcionario e laboral.
 - f) Normativa orzamentaria, financeira, de contratación pública e de responsabilidade civil.
 - g) Normativa relativa ao menor.
 - h) Normativa de protección de datos e a súa aplicación aos centros docentes.

2. Módulo II. Organización e xestión de centros docentes.
 - a) O centro docente como organización: función directiva e documentación institucional.
 - b) Xestión do centro por proxectos.
 - c) Imaxe institucional, colaboración e promoción externa do centro.
 - d) Funcións e responsabilidades da dirección e do equipo directivo.
 - e) Estructuras de planificación e coordinación.
 - f) Xestión do centro como organización educativa: modelos curriculares, formación docente, innovación educativa, traballo en redes.
 - g) Avaliación da práctica docente.
 - h) Convivencia escolar. Prevención de conflitos e programas de mellora da convivencia. Estratexias e boas prácticas.
 - i) A participación da comunidade educativa.
3. Módulo III. Xestión dos recursos do centro docente.
 - a) Xestión administrativa e económica.
 - b) Xestión de recursos humanos.
 - c) Xestión de tempo e espazos.
 - d) Servizos complementarios.
 - e) Ferramentas para unha xestión de calidade. Especialización curricular dos centros e accións de calidade.
 - f) O papel das tecnoloxías da información e da comunicación no centro. Ferramentas informáticas. Desenvolvemento de novos modelos de ensino e aprendizaxe.
 - g) Servizos de apoio aos centros e programas institucionais. Programas educativos europeos.
 - h) Prevención de riscos laborais e manual de autoprotección.
4. Módulo IV. Factores clave para unha dirección eficaz.
 - a) Liderado educativo para a dirección. O liderado como influencia.
 - b) Competencias esenciais de liderado. Que fan os líderes eficaces?
 - c) Modelos de liderado.
 - d) Tendencias europeas en liderado educativo. Plataformas de formación e boas prácticas.
 - e) Ferramentas para o exercicio do liderado cara á mellora da aprendizaxe.
 - f) Habilidades sociais na xestión do centro docente.
 - g) O proceso de toma de decisións.
 - h) Comunicación interpersonal e funcionamento de grupos. Habilidades emocionais.
 - i) Resolución de conflitos.
5. Módulo V. Rendición de contas e calidade educativa.
 - a) Xestión de calidade e autoavaliación dos centros docentes.
 - b) Autonomía, transparencia e rendición de contas.
 - c) Plans de mellora. Planificación estratéxica dos procesos.
 - d) Avaliación do sistema educativo. Avaliación das aprendizaxes: desenvolvemento e aplicación de probas.
 - e) Ferramentas para a avaliación do centro docente.
6. Módulo VI. Proxecto de dirección.
 - a) Análise diagnóstica do centro docente.
 - b) Áreas de mellora.
 - c) Obxectivos do proxecto.
 - d) Plans de actuación e a súa temporización.
 - e) Recursos e organización do centro para o logro dos obxectivos.
 - f) Seguimento e avaliación do proxecto: indicadores de logro.

ANEXO III

Programas formativos dos cursos de actualización de competencias directivas sobre o desenvolvemento da función directiva

Os programas formativos dos cursos de actualización de competencias directivas sobre o desenvolvemento da función directiva conterán como mínimo os seguintes módulos troncais:

1. Módulo I. Actualización sobre o marco normativo aplicable aos centros docentes.
2. Módulo II. Xestión das propostas institucionais.
 - a) Ferramentas para a avaliación, reflexión e mellora dos documentos institucionais e dos de planificación.
 - b) Estratexias para a mellora da imaxe institucional, colaboración e promoción externa do centro.
 - c) Boas prácticas na prevención de conflitos e na mellora da convivencia.
 - d) Implementación de plans de mellora dos resultados académicos.
3. Módulo III. Xestión eficiente e eficaz dos recursos do centro docente.
 - a) Ferramentas para unha xestión de calidade.
 - b) Aproveitamento das tecnoloxías da información e da comunicación no centro. Ferramentas informáticas. Traballo en redes. Desenvolvemento de novos modelos de ensino e aprendizaxe.
 - c) Colaboración cos servizos de apoio aos centros e programas institucionais. Programas educativos europeos para a mellora das aprendizaxes.
4. Módulo IV. Factores clave para unha dirección eficaz.
 - a) Estratexias para desenvolver un liderado compartido.
 - b) Tendencias europeas en liderado educativo. Plataformas de formación e colaboración. Boas prácticas.
 - c) Ferramentas para o exercicio do liderado cara á mellora da aprendizaxe e desenvolvemento de habilidades para a innovación, a motivación, o espírito emprendedor, o «coaching» e a orientación.
 - d) Estratexias para a mellora da comunicación interpersonal e funcionamento de grupos. Habilidades emocionais. Toma de decisións. Técnicas de negociación. Xestión do tempo.
5. Módulo V. Rendición de contas e calidade educativa.
 - a) Modelos de xestión de calidade e autoavaliación dos centros docentes.
 - b) Exercicio da autonomía, a transparencia e a rendición de contas.
 - c) Xestión do cambio nos centros. Plans de mellora. Planificación estratéxica dos procesos.
6. Módulo VI. Proxecto de dirección.
 - a) Análise diagnóstica do centro docente.
 - b) Áreas de mellora.
 - c) Obxectivos do proxecto.
 - d) Plans de actuación e a súa temporización.
 - e) Recursos e organización do centro para o logro dos obxectivos.
 - f) Seguimento e avaliación do proxecto: indicadores de logro.